

INSTRUCCIÓNSEN da Dirección de RRHH pola que se establecen diversas normas para a realización dos chamamentos que deriven das listaxes de contratación resultantes da execución do proceso excepcional de consolidación de emprego derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

No punto cuarto da Resolución do 17 de decembro do 2024, da Dirección Xeral da Corporación, pola que se establecen as listaxes de contratación derivadas da execución do proceso excepcional de consolidación, facúltase a esta Dirección de Recursos Humanos para que dite as instruccións necesarias para a realización dos chamamentos que deriven das ditas listaxes.

Estas instruccións complementan o establecido no Convenio Colectivo para a xestión das listaxes de contratación e a demais normativa de aplicación, e teñen como único obxecto regular situacións concretas e puntuais motivadas polo cambio nas listaxes. Serán aplicables unicamente ás coberturas realizadas nas trinta e dúas (32) categorías convocadas para as que se xeran novas listaxes, durante o tempo limitado que se establece, e a regulación contida non será extensiva a supostos análogos nin a procesos de selección posteriores.

Instruccións:

Primeira.- Os chamamentos serán realizados integralmente polas novas listaxes a partir da día 27 de decembro do 2024.

Segunda.- Os chamamentos necesarios que fosen realizados con data límite do 26 de decembro do 2024 incluído, manterán a súa vixencia aínda que o comezo do contrato sexa posterior ao día 26 de decembro do 2024.

Terceira.- Para os casos das listas que quedan sen persoas integrantes buscarase, segundo as necesidades e a urxencia, o sistema de cobertura máis axeitado. Todos os casos deberán ser elevados á comisión de listaxes previamente a adopción de calquera solución.

Cuarta.- As persoas que figuren como integrantes das listaxes de contratación temporal na Resolución da Dirección Xeral, deberán achegar por correo electrónico ao enderezo: listaxes.contratacion@crtvg.gal no prazo máximo de dez (10) días hábiles dende a publicación destas instruccións, os modelos que figuran como Anexos I e II debidamente cubertos e asinados. As persoas que non envíen os documentos no referido prazo decaerán no seu dereito á pertenza ás listaxes correspondentes.

Se chegado o momento de efectuar un chamamento non o tiveran enviado, non serán chamados e perderán os seus dereitos ás contratacións temporais que correspondan ata que procedan ao envío.

As persoas que figuren nas listas e teñan entregado a documentación noutros procedementos de listaxes de contratación temporal da CRTVG estarán exentas de presentar a documentación.

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2024

O Director Xeral de Recursos Humanos


Víctor Tubío Villar